

PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 4ºESO (3ª AVALIACIÓN)

I. TRABALLO E ACTITUDE NA AULA

(A súa Cualificación suporá o 20% da nota global do trimestre, até 2 puntos sobre 10)

1. COMUNICACIÓN:

- Os medios de comunicación audiovisuais. Reportaxes
- Os tipos de textos. O Hipertexto
- O comentario crítico.

2. FUNCIONAMENTO DA LINGUA:

- A Morfosintaxe.

3. LINGUA E SOCIEDADE:

- O galego hoxe.

4. EDUCACIÓN LITERARIA:

- Narrativa e poesía contemporánea.
- O teatro actual galego.
- O comentario dramático.

(Libro de Apoio: *Lingua e Literatura 4º ESO*, Ed. Anaya)

II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A HISTORIA DA LINGUA (PTIC) (A súa Cualificación suporá o 35% da nota, até 3'5 puntos sobre 10)

TÍTULO: *A situación actual da lingua / A Literatura Galega do séc. XXI*

1. Elaboración dun tema (máximo 50 liñas) partindo dos resumos feitos do libro de texto e das páxinas web indicadas polo docente.

2. Realización dun traballo mediante o uso das TIC que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.

3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TIC

DATAS: Entrega: 1 de Maio

Exposición: primeira-segunda semana de Maio

III. LECTURAS (PL)

(A súa Cualificación suporá o 10% da nota global do trimestre, até 1 punto sobre 10)

1ª Lectura: *Noite de voraces sombras*. Agustín Fdez. Paz. Ed. Xerais ou

***As rulas de Bakunim*.** P. Riveiro Coello. Ed. Galaxia

(A Avaliación destas lecturas poderá realizarse a través de distintos procedementos: informes, comentarios, traballos, controis... pero procurarase que sexa sempre a través de Cuestionarios na Aula Virtual).

DATA: Finalizada: 1 de Maio.

ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR e/ou COMPLEMENTARIA: Saída didáctica a Santiago. Asistencia ao teatro.

Outras Lecturas: Realizadas as lecturas obrigatorias, o alumno/a escollerá libre e voluntariamente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Dará conta delas a través de entrevistas persoais ou de informes enviados ao correo-e do profesor/a. (PL) (PTIC)

(A Avaliación deste labor voluntario realizarase a través da información recibida de xeito oral ou escrito. **Darase por rematada o día do exame.** Suporá un **incremento de até 0'5 ptos. por lectura** na nota global do trimestre, sempre que no exame o alumno/a tivese acadado polo menos un 4)

IV. EXAME

(A súa Cualificación suporá o 35% da nota global do trimestre, até 3'5 puntos sobre 10)

Seguirá o modelo da Avaliación Inicial, consistente nun texto en torno ao cal se realizarán preguntas para avaliar o grao de asimilación das aprendizaxes do trimestre. Buscarase sempre que sexa formativo e informativo, mais non sumativo nin concluínte.

DATA: Realización: terceira semana de Xuño.